

"Música, maestro"

Exposición fotográfica

Estimadas familias,

É ben seguro que sendo Cedeira unha vila onde a música é parte da nosa vida cotiá, conservará moitos bens materiais e inmateriais referidos ao mundo do canto, o baile, as festas... Algúns deles aparecen xa recompilados en traballos feitos por autores cedeireses como poden ser os libros de José Antonio Suárez Aneiros.

A Biblioteca Escolar "Carlos Labraña" do CEIP Nicolás del Río e o Concello de Cedeira, conscientes de que a memoria gráfica dunha comunidade forma unha parte do seu Patrimonio cultural,

solicitamos a vosa colaboración para artellar unha exposición de fotografías para o recordo.

Non faremos mal ao supoñer que os máis de nós teremos algunha instantánea, algún retrato, algunha imaxe nas nosas familias que reflicta calquera dos rexistros da vida cotiá da Cedeira musical anteriores ao ano 1960. Esas son as fotografías que agardamos enviades á escola co fin de poder armar este labor.

Así pois dende a biblioteca, convidamos a todas as familias a enrolarse neste proxecto musical, unha mostra fotográfica na que se miren os esforzos dos nosos devanceiros.

Despídense atentamente os equipos dinamizadores do CEIP "Nicolás del Río".



José Antonio Rodríguez López (o Canexo), cos seus catro fillos: Ricardo, Cedeirita, Gervasio e Damián Rodríguez Rey.
Data aproximada: 1915

Poden deixar as súas fotografías na secretaria do CEIP Nicolás del Río, dentro deste mesmo sobre. Serán escaneadas e devoltas á maior brevidade. Tamén existe a posibilidade de que mandedes vos a fotografía ao seguinte correo: biblio.nicolas.del.rio@gmail.com poñendo de título: MÚSICA MAESTRO.

PRAZO PARA TRAER AS FOTOGRAFÍAS: ATA O 10 DE MAIO

Necesitamos saber algúns datos:

Nome e apelidos da persoa informante/dona da fotografía:

Nº de teléfono: -----

Persoas que figuran na fotografía:-----

Ano aproximado no que se supón que foi sacada: -----

Lugar, celebración, un pequeno pe de foto: -----

Autorización asinada para a publicación das fotografías no proxecto da biblioteca “Música, maestro” e a súa exposición en diferentes espazos da vila.

Eu -----, con D.N.I

----- permito facer uso da fotografía para o proxecto “Música, maestro”.

Asinado: